

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2017

MEMORIA ACTIVIDADES// 2017

O presente documento recolle a memoria de actividades desenvolvidas durante o ano 2017 pola Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR, sinalando aquelas máis relevantes de cara ao cumprimento dos fins da entidade.

ACADAR desexa agradecer a todas as entidades públicas e/ou privadas, e persoas que día a día ou de xeito puntual colaboran con nós, na defensa e promoción dos dereitos das mulleres con discapacidade; así como ás propias mulleres con discapacidade que participan nas actividades e proxectos da entidade.

ÍNDICE:

- 1) Presentación da entidade.
- 2) Obxectivos anuais.
- 3) Actividades realizadas e avaliación de resultados.
- 4) Participacións
- 5) Persoas socias, colaboradoras e usuarias.
- 6) Financiamento público.

1) PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia ACADAR foi constituída o 1 de setembro de 2009 no Concello de Santiago de Compostela, por 20 mulleres con discapacidade.

Conscientes de que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non estaban cubertas nin tidas en conta por parte da sociedade actual, puxeron a disposición das mesmas, a ferramenta máis axeitada para promover, coordinar e reivindicar a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade. A asociación.

ACADAR está rexistrada actualmente no Rexistro Central de Asociacións con ámbito de actuación autonómico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 2009/013595-1 (SC); no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar co número: E-5371; no Censo de entidades culturais co código: B-03.22/AC 178 Libro 2 Exp: 4574; no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria co número O-633; e nos Concellos de Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Ferrol, Narón e Vigo.

ACADAR é membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS), e forma parte da Federación provincial de A Coruña da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS – COGAMI Ourense e Asociación de desenvolvemento rural MAIV-Baixo Miño (GDR14).

O seu ámbito de actuación comprende toda a Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de ofertar servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade independentemente do lugar onde residan, tendo en conta sobre todo, as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

Entre os **fin**s principais da asociación destacamos os seguintes:

1. Defender a dignidade e os dereitos das mulleres con discapacidade, para o seu exercicio en condicións de igualdade real.
2. Promover a plena integración escolar, laboral, familiar e social das mulleres con discapacidade.
3. Defender o dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda muller con discapacidade.
4. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
5. Participar na orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrado ACADAR con criterios de solidariedade.
6. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da muller con discapacidade, e da discapacidade en xeral.
7. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á muller nas seguintes idades: infancia, xuventude e 3ª idade.
8. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de lecer dirixidas especificamente á muller con discapacidade.
9. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás mulleres con discapacidade ou en risco de exclusión social.
10. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión de ACADAR ou redundar no beneficio das mulleres con discapacidade.

Con ACADAR as promotoras, asociadas e demais tipoloxía de persoas integrantes segundo establecen os seus estatutos, queremos incidir, en mellorar e capacitar as mulleres con discapacidade nos distintos ámbitos e áreas de participación social.

As actuacións de ACADAR, están a incidir nos seguintes ámbitos:

- **EMPREGO:** Dereito de acceso ao emprego e á igualdade de oportunidades e non discriminación por motivo de xénero e discapacidade no ámbito laboral.
- **VIOLENCIA DE XÉNERO:** Facer realidade e efectivo o Dereito das nenas e mulleres con discapacidade a vivir en liberdade e seguridade e a ser tratadas

dignamente.

- **SAÚDE:** Facer realidade e efectivo o Dereito das mulleres con discapacidade galegas a unha saúde pública integral e de calidade.
- **MATERNIDADE:** Facer realidade e efectivo o Dereito á maternidade das mulleres con discapacidade.
- **SEXUALIDADE:** Facer realidade e efectivo o Dereito das mulleres e nenas con discapacidade en Galicia a vivir a nosa sexualidade dunha maneira libre, plena e íntegra.
- **VIDA INDEPENDENTE:** Dereito das mulleres con discapacidade galegas a dirixir as rendas da nosa propia existencia.
- **IMAXE SOCIAL E MEDIOS DE COMUNICACIÓN:** Dereito das mulleres e nenas con discapacidade galegas a unha imaxe social digna.
- **PARTICIPACIÓN SOCIAL E LIDERATO:** Dereito das mulleres con discapacidade galegas a participar en igualdade de condicións na vida social e política e a acceder a postos de responsabilidade e representatividade.

A sede social da entidade estableceuse en Santiago de Compostela, rúa Dublín, nº 3, baixos, 15707 Santiago.

As delegacións coas que conta son:

- Lugo: situada en rúa da Luz, nº 4, 27002 Lugo
- Ferrol: situada en rúa Sánchez Calviño, nº 56, 15404 Ferrol, A Coruña
- Ourense: situada en rúa Recaredo Paz, nº 1, 32005 Ourense
- Vigo: situada en rúa Teixugueiras, nº 15, 36212 Navia, Pontevedra

Datos contacto: www.acadar.org

Correo electrónico: info@acadar.org

Teléfono: 674 073 092

2) OBXECTIVOS ANUAIS

Os obxectivos da entidade veñen determinados polos fins que se recollen nos estatutos e que fundamentan a existencia de ACADAR. Toda actuación que se realiza na entidade, con independencia do seu alcance, vai dirixida a alcanzar a finalidade pola cal foi creada. Ditos fins marcan a meta a alcanzar en cada unha das áreas de actuación da asociación e clarifican o camiño a seguir.

ACADAR consciente da súa capacidade que impide actualmente abordar todos os obxectivos e áreas de actuación, planifica en base a unha serie de principios transversais e de eficiencia, os eixos de actuación de cada ano prioritarios, sendo para o ano 2017 os seguintes:

- Promover actividades para reforzar a autovaloración positiva das mulleres con discapacidade.
- Promover o empoderamento a través da participación social activa e dinámica e a formación das mulleres con discapacidade nos distintos estamentos da sociedade.
- Diseñar e difundir de ferramentas e material de soporte en materia de empoderamento das mulleres con discapacidade que sirvan como guía de traballo para o persoal que presta servizos directamente ás mulleres e nenas con discapacidade.
- Crear grupos de apoio psico-social, baixo a dirección de persoal con formación específica en xénero e discapacidade para desenvolver e fomentar o empoderamento mulleres con discapacidade.
- Consolidar grupos de apoio psico-social existentes, baixo a dirección de persoal con formación específica en xénero e discapacidade para fomentar a autoxestión e empoderamento das mulleres.
- Crear redes de mulleres con discapacidade para fomentar a súa participación.
- Realizar campañas de sensibilización que reforcen a imaxe cotiá e capaz das

mulleres con discapacidade en filmes, documentais e publicidade.

- Garantir a formación especializada na transversalidade de xénero e discapacidade ás entidades e profesionais prestadoras de servizos ás nenas, mozas e mulleres con discapacidade a través de programas de formación continua.
- Promover o uso non sexista e interseccional da linguaxe nos distintos eixos da sociedade.
- Formar ó conxunto de profesionais dos servizos de atención psicolóxica dependentes de organismos non gobernamentais que prestan servizos ás mulleres con discapacidade e familias, en materia de xénero e discapacidade.
- Fomentar a sensibilización cara á saúde en mulleres con discapacidade

Para dar cumprimento a estes obxectivos estratéxicos, realízanse unha serie de actividades e proxectos, algúns con carácter de continuidade e outros xa específicos.

3) ÁREAS E ACTIVIDADES REALIZADAS

❖ EMPODERAMENTO

➤ Empoderar para decidir

Tivo como obxectivo xeral promover o empoderamento das mulleres con discapacidade residentes na provincia de Pontevedra para facilitar a toma de decisións sobre cada un dos aspectos das súas vidas, promovendo así a igualdade de oportunidades, o sentimento de cidadanía e a integración do conxunto das persoas participantes.

Financiado pola Deputación de Pontevedra, e executado entre agosto e decembro, este proxecto consistiu na realización de 11 obradoiros de 3 horas de duración, e contou cunha participación de 17 mulleres.



➤ **Emprego e saúde a través do empoderamento**

Financiado polo Concello de Lugo, leváronse a cabo 4 obradoiros formativos ao longo do mes de xuño, en materia de saúde e emprego cunha duración de 12 horas. O Proxecto beneficiou a un total de 20 mulleres con discapacidade do mesmo concello.

O obxectivo principal foi a procura da mellora da calidade de vida das mulleres participantes do Concello de Lugo a través da redefinición do autocoñecemento. Para iso, fomentouse a adquisición de hábitos de vida saudables e o reforzo das habilidades persoais para a busca de emprego, repercutindo así positivamente na reeducación das características propias, garantindo a igualdade de oportunidades, promocionando a participación social e activa das mulleres con discapacidade e, deste xeito, camiñar cara a igualdade real.




➤ **Recréate**

Este proxecto, financiado polo Concello de Santiago de Compostela, tivo como finalidade concienciar, sensibilizar e incidir na promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero ás mulleres con discapacidade, tratando de visibilizar as distintas manifestacións da violencia de xénero a través dunha nova forma de innovación educativa.

Para isto, realizáronse 4 obradoiros de creatividade de 3 horas cada un, no que se buscou que cada muller participante puidera desenvolver a súa imaxinación e orixinalidade.

Este proxecto beneficiou de forma directa, a un total de 20 mulleres con discapacidade do Concello de Santiago de Compostela.



➤ **Re_Activa**

O programa Re_activa estivo dirixido a mulleres con discapacidade en xeral, facendo especial fincapé nas residentes en zonas rurais pouco poboadas. Este proxecto foi financiado polo Fondo Social Europeo e pola Secretaría Xeral de

Igualdade, sendo 48 o número de usuarias beneficiarias, e obtendo un total de 29 itinerarios completos.

Este programa permitiu poder proporcionarlle ás mulleres participantes unha atención integral, potenciando as súas capacidades e competencias para o desenvolvemento dunha vida máis autónoma e independente mediante os servizos prestados polo programa.

As actuacións que se desenvolveron neste programa foron: orientación e información sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que puideran facilitar ás persoas usuarias o seu proceso de integración social; atención psicolóxica, asesoramento xurídico, servizo de mediación intercultural e/ou familiar e servizos ou medidas de apoio e orientación laboral.



➤ Programa de empoderamiento y activación para el empleo

Este programa financiado por Obra Social La Caixa, que se desenvolveu en varias comunidades autónomas, tivo como obxectivo principal o fomento do

empoderamento e o impulso da inclusión sociolaboral das mulleres con discapacidade.

En Galicia foi executado por ACADAR, contando coa colaboración de COGAMI, nas cidades de Santiago e Vigo para a realización de grupos de mulleres.

A temporalización do programa foi dende Febreiro a Decembro, desenvolvendo as seguintes accións:

- 10 Talleres de empoderamento (2 grupos) Santiago e Vigo. Mulleres beneficiarias: 40.
- 21 talleres de habilidades prelaborais. Mulleres beneficiarias: 45.
- 4 talleres de Alfabetización tecnolóxica. Mulleres beneficiarias: 36
- Derivacións ao Programa Incorpora (de inserción socio laboral) de Obra Social La Caixa. 35 mulleres beneficiarias.
- Atencións individuais de fomento das habilidades prelaborais e persoais orientadas á inserción sociolaboral. 84 beneficiarias.
- Formación e sensibilización en materia de muller con discapacidade e emprego, a persoal técnico de entidades e na Universidade de Santiago de Compostela.
- Foron un total de 84 mulleres con discapacidade as que se beneficiaron do Programa.



➤ **Servizo de apoio a inclusión sociolaboral**

O obxectivo deste programa, foi a dotación de ferramentas de inclusión para mulleres con discapacidade, de maneira que se prestou unha atención integral e individual ás súas necesidades. Potenciando así a súa formación, capacitación, preparación actitudinal e condutual de cara a favorecer a súa inserción laboral.

Financiado pola Consellería de Política Social e cofinanciado polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, tivo un total de 22 mulleres beneficiarias, 14 de elas, con itinerarios completos.

 UNIÓN EUROPEA	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL Dirección Xeral de Inclusión Social	 galicia
--	---	--

**Itinerarios de inclusión
sociolaboral con
acompañamento**

Operación cofinanciada pola Unión Europea e o
PO Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020

**Esta actuación enmárcase dentro
do Programa Operativo do Fondo Social Europeo
Galicia 2014-2020, no seu obxectivo temático 9
"Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza
e calquera forma de discriminación".**

El FSE invierte en tu futuro

➤ Programa Lecer Náutico en Sanxenxo

Novamente, ACADAR facilitou a participación de mulleres con discapacidade no Programa de Lecer Náutico de COGAMI e Fundación Mapfre que tivo lugar no Real Clube Náutico de Sanxenxo entre o 3 ao 8 de setembro.

O programa incluíu un curso básico de vela adaptada de 20 horas, talleres formativos especializados sobre xénero e violencia polas tardes e o desfrute de tempo de ocio inclusivo, así como aloxamento e manutención.

Participaron 12 mulleres usuarias, 2 monitoras e 1 voluntarias.



➤ Programa para o acceso das mulleres en situación de exclusión social ao traballo remunerado

Proxecto financiado pola Concellería de Políticas Sociais, diversidade, saúde e centros cívicos do Concello de Santiago, tivo como finalidade o acompañamento das mulleres no acceso ao traballo remunerado mediante a capacitación na toma de decisións, na consciencia das capacidades, no aumento dun autocoñecemento positivo, na mellora do autoconcepto e en estratexias de comunicación eficaz, ademais de dar a coñecer as diferentes técnicas de búsqueda de emprego.

Desenvolvéronse 4 obradoiros nos que se abordaron as temáticas de: autoconcepto, comunicación eficaz, autocoñecemento e motivación laboral. Foron beneficiarias 15 mulleres co Concello de Santiago e 5 mulleres de concellos limítrofes,

polo que resultaron 20 o total de mulleres participantes.



❖ EDUCACIÓN EN IGUALDADE

➤ VIO 7: Ver para erradicar


Financiado pola Deputación da Coruña, levouse a cabo un proxecto formativo dirixido ao alumnado das universidades de A Coruña e Santiago de Compostela.

Para o seu desenvolvemento leváronse a cabo sesións formativas entre o alumnado co obxectivo de dar a coñecer, detectar e abordar a vulnerabilidade a que se enfrontan as mulleres con discapacidade e as diferencias formas de violencia ás que están expostas. A ferramenta de traballo que se empregou foi o caderno “Violencia contra as mulleres con discapacidade: ver e recoñecer os sinais” editado por ACADAR e financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade a través do Fondo Social Europeo.

Beneficiáronse 141 persoas estudantes en total:

Universidade de A Coruña: estudantado do Grao en Terapia Ocupacional e do Mestrado en Discapacidade e Dependencia

Universidade de Santiago de Compostela: estudantado do Grao en Educación Social



➤ VIO 7: Ver para erradicar

Este proxecto formativo o cal se desenvolveu nos meses de outubro e decembro de 2017, levouse a cabo co alumnado de 4º de Educación Secundaria Obrigatoria, no IES de Coruxo en Vigo, e foi subvencionado pola Deputación de Pontevedra. Un total de 70 alumnos foron beneficiarios desta formación.

O obxectivo foi a formación do alumnado para a detección e erradicación das distintas formas de violencia cara as mulleres con discapacidade. A ferramenta de traballo que se empregou foi o caderno “Violencia contra as mulleres con discapacidade: ver e recoñecer os sinais” editado por ACADAR e financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade a través do Fondo Social Europeo.



➤ **Dedaleira**

É un Servizo de Atención Sexolóxica único en toda Galicia e España destinado ás persoas con discapacidade, o seu entorno afectivo (parellas, familiares) e persoas do seu entorno social ou institucional. Está pensado e creado exclusivamente para acompañar e dar resposta ás necesidades sexuais as persoas cunha discapacidade determinada, desde un enfoque autónomo, profesional e científico.



Destaca, que conta cunha unidade específica chamada “Querelar” que trata de asesorar legal e profesionalmente ás persoas con discapacidade en canto á actuación ante a sospeita dun feito delitivo contra a liberdade e indemnidade sexual (agresión, acoso, abuso, provocación, explotación sexual e/ou prostitución) así como de intervir terapéuticamente coa persoa que o viviu, e/ou coa familia e profesionais con implicación nos feitos.

4) PARTICIPACIÓNS

Ao longo deste 2017, ACADAR participou en diferentes actos e eventos, entre os que destacan os seguintes.

- Reunión na Secretaría Xeral da Igualdade en Santiago de Compostela (20 de xaneiro)
- Entrevista telefónica: “A dispersión rural da situación das mulleres con discapacidade” en Radio Clara Valencia (24 de xaneiro)
- Reunión: organizada polo Foro Igualdade no Concello de Lugo (9 de febreiro)
- I Xornadas de Sexualidade, Diversidade e Violencia Machista na Adolescencia organizadas pola Agrupación local do PSdeG-PSOE de Tomiño (14 de febreiro)
- Entrevista telefónica: sobre as “Redes do Museo de Lugo e entidades” elaborada por Píkara Magazine (16 febreiro)
- Proxección: curtametraxe “Corazón amoratado” organizado polo Centro Cívico Ágora en Coruña (22 de febreiro)
- Reunión no Concello de Santiago (23 de febreiro)
- Exposición: “María Maquieira” organizada pola Fundación Eugenio Granell con motivo do Día da Muller en Santiago de Compostela (1 de marzo).
- Exposición: “Elas” organizada pola Obra Social ABANCA con motivo do Día da

Muller en Santiago de Compostela (2 de marzo).

- I Conferencia Sectorial sobre mujeres con discapacidad, organizada pola Fundación Cermi en Madrid (3 de marzo)
- Entrevista telefónica: “Convivir en Igualdade” na Radio Galega (6 de marzo)
- Acto institucional: “Lidera. Día da Muller” organizado pola Xunta de Galicia con motivo do Día da Muller en Santiago de Compostela (7 de marzo).
- Presentación: programa “NOS+Outrxs en Red”, organizada polo Museo Provincial de Lugo (7 marzo)
- Inauguración: Exposición de artistas mulleres no Museo Provincial de Lugo (7marzo)
- Entrevista telefónica: Lectura do Manifesto 8 marzo organizada por Radio Foz (8 de marzo)
- Entrevista telefónica con motivo do 8 de marzo en Radio Arousa (8 marzo)
- Premio: “Xohana Torres” organizado polo Concello de Santiago de Compostela con motivo do Día da Muller en Santiago de Compostela (8 de marzo).
- Conferencia: Ponencia no Congreso de Arte e xénero no Museo Provincial de Lugo (10 de marzo)
- Reunión co Subdirector Inclusión para a presentación das actividades de ACADAR en Santiago de Compostela (15 marzo)
- Xornada de Formación e planificación sobre mecanismos e ferramentas de participación organizada por EAPN en Santiago de Compostela (16 de marzo).
- Reunión informativa en materia de Servizos Sociais e Igualdade organizada pola Deputación de A Coruña e realizada na mesma cidade (17 marzo).
- Xornada Informativa sobre Violencia de Xénero organizada por DISCAFIS en

Ourense (30 de marzo).

- I Xornada de Muller e Discapacidade na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense (30 de marzo).
- Xornada Informativa sobre Dependencia e Axudas Individuais organizada pola Xunta de Galicia en Santiago de Compostela (31 de marzo).
- Reunión videoconferencia do Grupo de Xénero de COCEMFE (12 de abril)
- Reunión: elaboración “III Plan de Igualdade do Concello da Coruña” organizado polo propio concello nesta mesma cidade (25 de abril)
- Actividade: elaboración de camisetas con mensaxes para fomentar a creatividade e o traballo en rede da man da artista Crystilandia, organizado polo Grupo de Mulleres con Discapacidade de Monforte e realizado no Pazo de Tor en Monforte de Lemos (5 de maio)
- Actividade: elaboración de camisetas con mensaxes para fomentar a creatividade e o traballo en rede da man da artista Violeta Bernardo, organizado polo Grupo de Mulleres con Discapacidade de Monforte e realizado no Pazo de Tor en Monforte de Lemos (16 de maio)
- Acto institucional: Día do orgullo LGTBIQ organizado pola Deputación da Coruña na cidade de Coruña (1 de xuño)
- Acto de sinatura pública dos convenios de colaboración entre o Concello de Santiago con entidades. (14 de xuño)
- Reunión na Secretaría Xeral da Igualdade para presentar os programas e actividades de ACADAR. Santiago de Compostela (19 de xuño)
- Reunión de presentación da entidade ACADAR co grupo municipal do Partido Popular do Concello de Ferrol (20 de xuño)

- Reunión de presentación da entidade ACADAR co grupo municipal Ferrol en Común do Concello de Ferrol (20 de xuño)
- Sesión plenaria do Consello Galego das mulleres (23 de xuño)
- Reunión con FSC Inserta en Santiago de Compostela (23 de xuño)
- Reunión: Foro Igualdade organizado polo Concello de Lugo (27 de xuño)
- Visita institucional: Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella ao Grupo de Mulleres con Discapacidade de Palas de Rei (3 de xullo)
- Reunión Informativa Casa das Mulleres “Xohana Torres” organizada pola Concellería de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (7 de xullo).
- Visita institucional a Trameve organizada por COGAMI en Santiago de Compostela (9 de xullo).
- Visita institucional: Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella ao Grupo de Mulleres con Discapacidade de Arzúa (18 de xullo)
- Visita institucional: Visita da Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela ao Grupo de Mulleres con Discapacidade da mesma cidade (27 xullo)
- Reunión informativa sobre o programa de inserción laboral para mulleres en situación de violencia de xénero organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade na Coruña (7 de setembro)
- Reunión: Presentación de ACADAR na Deputación de Lugo (Área de Benestar) (7 de setembro)
- Visita institucional: Visita da Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella, ao Grupo de Mulleres con Discapacidade de Ordes (18 de setembro)
- Inauguración Casa das Mulleres “Xohana Torres” organizada pola Concellería

de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (3 de outubro).

- Reunión con Amnistía Internacional de cara a colaboración nun estudio sobre o impacto de medidas de austeridade en persoas con discapacidade e mulleres. (2 de outubro)
- Reunión: Foro de Igualdade do Concello de Lugo (16 outubro)
- Reunión: Presentación da planificación das actividades previstas para o 2018 na Concellería de Benestar do Concello de Lugo (18 outubro)
- Reunión: Presentación do proxecto VIO7: Ver para erradicar, na Área de Benestar da Deputación de Lugo (24 outubro)
- Acto institucional: “Accesibilidad Real Ya” organizada por COCEMFE e COGAMI en Santiago de Compostela (7 de novembro).
- Obradoiro: “Palabras que unen/Palabras que separan” organizada pola Rede Museística de Lugo e a Asociación Penitenciaria Concepción Arenal no Museo Pazo de Tor en Monforte de Lemos (21 de novembro)
- Conferencia: Mesa redonda sobre Violencia de Xénero organizada polo Bloque Nacionalista Galego no centro social Uxío Novoneyra de Lugo. (21 novembro)
- IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a violencia de xénero organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología de España (24 de novembro)
- Presentación Plan Compartimos, organizada pola Deputación da Coruña (1 de decembro)
- Reunión: Foro Igualdade no Concello de Lugo (14 decembro)
- Xornada de Presentación de Querelar organizada por ACADAR en Santiago de Compostela (15 de decembro).

ACADAR, como entidade membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS), da Federación provincial de A Coruña da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS – COGAMI Ourense e Asociación de desenvolvemento rural MAIV-Baixo Miño (GDR14), participa activamente nas assembleas e reunións correspondentes con ditas entidades.

Asemade, participa en diversos grupos de traballo e colabora co resto de entidades sociais na mellora das condicións de vida e autonomía das mulleres con discapacidade.

Tamén, como parte das labores de difusión da entidade e os seus proxectos e actividades, realizáronse entrevistas en diversos medios de comunicación, como Radio Galega, Radio Voz ou Radio Palas entre outras.

5) NÚMERO DE PERSOAS ASOCIADAS:

A data 31/12/2017 a entidade ACADAR, tiña 81 mulleres con discapacidade socias de dereito e 14 persoas socias colaboradoras (8 mulleres e 6 homes).

ACADAR ten un total de 95 persoas asociadas.

6) FINANZAMENTO PÚBLICO:

- Deputación A Coruña

- ✓ Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2017

- Deputación de Pontevedra

- ✓ Bases de subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais, sociosanitarios e da xuventude na provincia de pontevedra no ano 2017

- ✓ Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2017

- **Consellería de Política Social**

- ✓ ORDE do 27 de setembro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).

- **Secretaría Xeral de Igualdade**

- ✓ As bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e Se convocan para o ano 2017.

- ✓ Bases reguladoras das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017

- **Concello de Santiago de Compostela**

- ✓ Subvención nominativa
- ✓ Bases y convocatoria de subvenciones para el fomento de actividades a favor de la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres y de prevención y lucha contra la violencia de género

- **Concello de Lugo**

- ✓ Subvención nominativa

- **Consellería de economía, emprego e industria**

- ✓ ORDE do 18 de xullo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a incentivar o emprego autónomo e a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través do Programa I (emprego autónomo), Programa II (fomento da contratación por conta allea) e Programa III (programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro), convocatoria do ano 2017.
- ✓ ORDE do 4 de outubro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.